



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE COMUNICA O EMPREGO DA LISTA ABERTA DE EMBARCACIÓNS ADMITIDAS NO PROCESO PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO DE PERCEBE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA GUARDA APROBADO PARA O TRIENIO 2025-2027

ANTECEDENTES

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aproba os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de percebe dende embarcación, da confraría de pescadores da Guarda (PE401A 2024/46-5), estableceuse un número máximo de 17 embarcacións con 36 tripulantes habilitados con dereito a cota.

Unha vez finalizado o proceso de renovación dos recursos específicos para os anos 2025-2027 hai dezasete (17) embarcacións e vinte e oito (28) mergulladores con dereito a cota que exercen a actividade extractiva de percebe neste plan.

Na ficha do plan aprobado indícase que no caso de diminuír o nº de participantes no proceso de renovación, aumentarase o nº de embarcacións (primeiro semestre do ano).

2. O 12 de febreiro de 2025 (Rexistro de entrada nº 2025/385613) a entidade presentou solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de habilitacións ata o número máximo previsto no plan.

3. Mediante resolución do 17 de febreiro de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do mar en Vigo, abriuse o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe dende embarcación, da Confraría de pescadores da Guarda.

4. Mediante resolución do 20 de marzo de 2025 o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicou a lista provisional de puntuacións con seis (6) embarcacións admitidas e ningunha excluída do proceso. Nesta resolución outorgouse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas.

5. En data do 27 de marzo de 2025 as seis (6) persoas armadoras interesadas presentan cadanseu escrito onde se indica que non realizarán alegacións á lista provisional e solicitan unicamente o incremento dunha (1) habilitación de percebeiro.

7. Mediante resolución do 31 de marzo de 2025 o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicou a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe dende embarcación, da confraría de pescadores da Guarda.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 153/2019 do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 17.2 que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, a xefatura territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

2. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 39 a 46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

3. No artigo 46 da Orde do 30 de decembro de 2015, regúlase o emprego das listas, as ofertas das cotas e as causas de exclusión das ditas listas, indicando que as persoas que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses.

No caso de renunciaren aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

4. A Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, indica:

- No apartado A.3 do anexo I que con carácter xeral, para o incremento, o número de cotas asignadas ás embarcacións estará en función das persoas que teñan enroladas, á vista do rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais de cada unha delas e considerarse que o rol de despachos está actualizado á data en que o departamento territorial comunique o emprego da lista para o incremento de cotas nas embarcacións.
- No apartado A.4 do anexo I que o outorgamento de prazas quedará limitado ao número máximo de tripulantes autorizados/as pola administración marítima.

5. Este departamento territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





De acordo con todo o anterior este departamento territorial

RESOLVE:

1. Comunicar ás persoas armadoras das seguintes embarcacións integrantes da lista aberta vixente para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe dende embarcación, da confraría de pescadores da Guarda que poderán beneficiarse do incremento de oito (8) cotas vacantes no plan de xestión (de acordo coa orde de prelación establecida no anexo I) e que se indica continuación:

Nº	Embarcación	Matrícula/folio
1	NUEVA TIBURÓN	VI-7-09-06
2	TARITA M	VI-7-8-06
3	GALIZA I	VI-7-23-98
4	FREITA S	VILL-1-2475
5	ARNELES	VI-5-3-22
6	NOVO RAPOSO	VI-7-1-20

2. Ofértanse seis (6) das (8) oito cotas vacantes, segundo escritos presentados polos interesados, ás embarcacións anteriores de acordo co indicado na seguinte táboa:

Nº	Embarcación	Matrícula/folio	Nº cotas actuais	Nº máximo tripulantes (certificado Conformidade)	Nº cotas solicitadas (segundo escrito presentado polo armador o 27/03/25)	Nº cotas ofertadas
1	NUEVA TIBURÓN	VI-7-09-06	1	2	1	1
2	TARITA M	VI-7-8-06	1	3	1	1
3	GALIZA I	VI-7-23-98	1	2	1	1
4	FREITA S	VILL-1-2475	1	3	1	1
5	ARNELES	VI-5-3-22	1	4	1	1
6	NOVO RAPOSO	VI-7-1-20	2	4	1	1

3. A adxudicación do número de cotas a cada embarcación dependerá do número de acreditacións solicitadas entre as ofertadas, das persoas que teñan enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Para a comprobación disto as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución para presentar a seguinte documentación:

- Escrito debidamente asinado** no que se indique o **tripulante** para o que se lle expedirá, se procede, a correspondente habilitación de percebe.
- Rol de despachos** actualizado da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela.
- Certificacións profesionais** que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.





A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo tanto a documentación indicada, deberá presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado PX006A (achega de documentación adicional) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) e dirixiranse ao Departamento Territorial de Vigo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que non aceptan a oferta do incremento de cotas por desistimento.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do incremento das cotas asignadas:

- a) **Non ter sanción** firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento.
- b) Que as persoas tripulantes estean en posesión dos **certificados profesionais** correspondentes.
- c) O/A armador/a da embarcación e as persoas ás que se lles outorgue a habilitación de percebe **non poderán ser titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos**, debendo renunciar a este.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento territorial de Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo no taboleiro de anuncios xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da Confraría de Pescadores.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que no esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

